



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Maio 2020


Santiago de Compostela, 06 de xullo de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) registrou en maio de 2020 un retroceso do 33,6% con respecto a maio de 2019, mentres que a nivel nacional a caída foi do 27,8%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo decreceron un 43,9%, os bens equipo un 49,5% e os intermedios un 27,2%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 2,5%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que detrae 7,7 puntos, a “confección de roupa de vestir” que minora 4,6 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que resta 3,5 puntos á taxa interanual..
- No que respecta ás repercusións positivas, só a “producción de enerxía eléctrica” acadou valores positivos (1,0 puntos).

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de maio de 2020 en Galicia acadou unha taxa interanual negativa do 33,6%, mellorando en 10,1 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-43,7%). En España rexistrouse un decrecemento do 27,8%, mellorando en 6,3 puntos a taxa acadada no mes anterior (-34,1%).

Despois da paralización case total na primeira quincena de abril pola crise da COVID-19, no mes de maio o sector industrial continuou a recuperar a actividade, cunha caída da produción industrial 10,1 puntos menor que no mes de abril.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 43,9%, o que detrae 12,0 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 49,5%, o que minora 13,1 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** decrecen un 27,2%, cunha repercusión negativa de 8,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 2,5% e resta 0,4 puntos á taxa de variación interanual.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de maio foron: a “fabricación de vehículos de motor” que detrae 7,7 puntos, a “confección de roupa de vestir” que minora 4,6 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que resta 3,5 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas, só a “produción de enerxía eléctrica” acada valores positivos (1,0 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -17,0% de Murcia e o -35,8% de Balears. Agás a devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Castilla - La Mancha (-20,6%), Canarias (-22,2%), Madrid (-23,3%), Andalucía (-25,1%), Comunitat Valenciana (-25,9%), La Rioja (-26,7%), Asturias (-26,7%) e Cantabria (-27,2%).

IPI maio 2020 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	71,4	-33,6	-16,0	--	--
Bens de consumo	72,2	-43,9	-19,1	-12,0	-4,7
Bens de equipo	55,6	-49,5	-23,1	-13,1	-5,7
Bens intermedios	92,4	-27,2	-16,8	-8,0	-4,8
Enerxía	66,2	-2,5	-3,8	-0,4	-0,9
España					
Xeral	82,7	-27,8	-15,8	--	--
Bens de consumo	86,3	-25,0	-12,1	-6,5	-3,1
Bens de equipo	75,9	-39,7	-25,9	-9,7	-6,2
Bens intermedios	87,6	-26,9	-15,5	-8,4	-4,9
Enerxía	78,4	-17,6	-8,7	-3,2	-1,7

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Maio 2020

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-33,6		-16,0		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	8,2	1,0	1,3	0,2	22,3
Industria química	-4,7	-0,1	-16,6	-0,3	1,5
Outras industrias extractivas	-18,7	-0,2	-19,2	-0,2	1,1
Outras industrias manufactureiras	-71,7	-0,4	-22,1	-0,1	0,5
Industria téxtil	-67,2	-0,4	-34,0	-0,2	0,6
Industria do papel	-18,8	-0,5	0,0	0,0	2,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-11,8	-0,6	-6,7	-0,3	5,1
Fabricación de mobles	-48,1	-0,6	-24,9	-0,3	1,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-25,6	-0,6	-19,2	-0,4	1,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-25,6	-0,7	-16,9	-0,4	2,0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-35,7	-1,1	-26,6	-0,8	2,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-43,4	-1,2	-24,2	-0,6	2,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-31,7	-1,2	-14,9	-0,5	4,1
Fabricación doutro material de transporte	-53,0	-1,3	-45,9	-1,0	2,0
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-40,1	-1,8	-26,5	-1,2	3,6
Fabricación de bebidas	-61,2	-2,9	-44,7	-1,8	3,5
Industria da alimentación	-19,8	-3,0	-2,6	-0,4	13,2
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-35,5	-3,5	-24,8	-2,3	7,7
Confección de roupa de vestir	-92,3	-4,6	-41,3	-2,0	4,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-63,0	-7,7	-21,0	-2,4	13,1
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Maio 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	82,7	-27,8	-15,8
Galicia	71,4	-33,6	-16,0
Andalucía	78,9	-25,1	-17,7
Aragón	80,6	-33,8	-19,0
Asturias	78,8	-26,7	-16,5
Baleares (Illes)	62,8	-35,8	-22,5
Canarias	75,8	-22,2	-10,7
Cantabria	87,9	-27,2	-18,8
Castilla - La Mancha	83,8	-20,6	-13,2
Castilla y León	73,5	-32,6	-19,1
Cataluña	81,8	-30,3	-16,6
Comunitat Valenciana	85,7	-25,9	-14,8
Extremadura	73,8	-29,3	-10,6
Madrid	91,1	-23,3	-12,3
Murcia	106,9	-17,0	-6,5
Navarra	87,6	-28,4	-14,2
País Vasco	83,7	-30,1	-19,1
Rioja (La)	70,7	-26,7	-15,1

Fonte: INE